Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Nomenclátor do 2013

SÍSAMO

A parroquia de Sísamo caracterízase por contar con 19 entidades das cales O asentamento de O Sisto é a que ten maior número de habitantes.

XUNTA DE GALICIA
Conselleria de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Liñares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DAS ENTIDADES DA PARROQUIA DE SÍSAMO

Unidade poboacional	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	dinámica pob 2003-2013
SISAMO (SANTIAGO)	**853 hab**	**890 hab**	**867 hab**	**868 hab**	**855 hab**	**839 hab**	**837 hab**	**860 hab**	**874 hab**	**861 hab**	**838 hab**	**-1,76%**
BARCIA (A)	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	6 hab	6 hab	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	0,00%
BARDANCA (A)	7 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	-42,86%
CASTRO (O)	29 hab	34 hab	24 hab	24 hab	26 hab	24 hab	28 hab	31 hab	29 hab	28 hab	28 hab	-3,45%
CEIDE	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	0,00%
CEPEIRA (A)	5 hab	5 hab	6 hab	6 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	2 hab	-60,00%
ESPIÑO (O)	43 hab	42 hab	36 hab	35 hab	36 hab	36 hab	35 hab	36 hab	35 hab	33 hab	32 hab	-25,58%
FIGUEIROA	63 hab	63 hab	57 hab	56 hab	55 hab	51 hab	50 hab	49 hab	54 hab	50 hab	52 hab	-17,46%
LAMAS	7 hab	7 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	5 hab	-28,57%
OUTEIRO (O)	61 hab	67 hab	69 hab	70 hab	72 hab	75 hab	70 hab	68 hab	67 hab	65 hab	61 hab	0,00%
PICHO (O)	18 hab	18 hab	17 hab	16 hab	13 hab	13 hab	11 hab	11 hab	11 hab	10 hab	11 hab	-38,89%
PORDIÑOS	26 hab	26 hab	25 hab	25 hab	25 hab	25 hab	23 hab	23 hab	23 hab	21 hab	20 hab	-23,08%
RAIÑA (A)	49 hab	55 hab	51 hab	49 hab	55 hab	54 hab	54 hab	51 hab	46 hab	45 hab	44 hab	-10,20%
RAMIL	62 hab	60 hab	59 hab	58 hab	54 hab	54 hab	52 hab	51 hab	52 hab	52 hab	49 hab	-20,97%
TORRE (A)	4 hab	6 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	6 hab	6 hab	2 hab	-50,00%
VILAR DE SUSO	3 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	3 hab	3 hab	2 hab	2 hab	-33,33%
VILARES (OS)	145 hab	148 hab	150 hab	150 hab	143 hab	146 hab	143 hab	149 hab	153 hab	153 hab	154 hab	6,21%
FONTE CALDEIRA (A)	45 hab	46 hab	51 hab	58 hab	58 hab	56 hab	58 hab	59 hab	61 hab	61 hab	50 hab	11,11%
PEDRA FURADA (A)	50 hab	47 hab	47 hab	39 hab	42 hab	37 hab	39 hab	48 hab	45 hab	47 hab	49 hab	-2,00%
SISTO (O)	225 hab	245 hab	244 hab	251 hab	242 hab	235 hab	241 hab	253 hab	265 hab	264 hab	262 hab	16,44%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Nomenclátor do 2013

SOFÁN

A parroquia de **Sofán** conta con 59 entidades de poboación, das cales destacaremos Bolón, Guntián e Paradela. Ademais, a parroquia de Sofán é a seguinte parroquia en importancia polo seu número de habitantes, despois de Carballo. Sen embargo a evolución da poboación neste período tamén é negativa, xa que a meirande parte das entidades que conforman a parroquia están perdendo poboación.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DAS ENTIDADES DA PARROQUIA DE SOFÁN

Unidade poboacional	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	dinámica pob 2003-2013
SOFAN (SAN SALVADOR)	1714 hab	1712 hab	1707 hab	1703 hab	1674 hab	1659 hab	1655 hab	1632 hab	1605 hab	1582 hab	1555 hab	-9,28%
ALBEIRO	13 hab	12 hab	12 hab	11 hab	11 hab	10 hab	13 hab	13 hab	12 hab	11 hab	13 hab	0,00%
BALLOTA	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	-50,00%
BOLON	103 hab	99 hab	99 hab	97 hab	99 hab	102 hab	102 hab	102 hab	95 hab	93 hab	92 hab	-10,68%
BOUZAS (AS)	36 hab	36 hab	35 hab	36 hab	35 hab	35 hab	34 hab	32 hab	30 hab	33 hab	34 hab	-5,56%
BRAILLE	29 hab	31 hab	32 hab	34 hab	33 hab	32 hab	32 hab	31 hab	29 hab	28 hab	28 hab	-3,45%
CALVELO DE ABAIXO	26 hab	26 hab	25 hab	24 hab	24 hab	23 hab	22 hab	22 hab	21 hab	20 hab	17 hab	-34,62%
CALVELO DE ARRIBA	39 hab	40 hab	37 hab	36 hab	34 hab	36 hab	33 hab	34 hab	36 hab	33 hab	33 hab	-15,38%
CAMPO DE ARRIBA	28 hab	27 hab	26 hab	20 hab	20 hab	19 hab	19 hab	19 hab	20 hab	19 hab	23 hab	-17,86%
CANELAS (AS)	27 hab	26 hab	24 hab	23 hab	25 hab	23 hab	26 hab	27 hab	29 hab	28 hab	28 hab	3,70%
CARRACHA (A)	78 hab	82 hab	82 hab	84 hab	84 hab	77 hab	76 hab	76 hab	77 hab	75 hab	74 hab	-5,13%
CARRIS (OS)	15 hab	14 hab	14 hab	13 hab	13 hab	14 hab	13 hab	13 hab	13 hab	13 hab	13 hab	-13,33%
CASANOVA (A)	8 hab	8 hab	8 hab	6 hab	6 hab	7 hab	7 hab	8 hab	9 hab	11 hab	10 hab	25,00%
ZARRALLO (O)	21 hab	21 hab	16 hab	16 hab	14 hab	15 hab	14 hab	14 hab	14 hab	14 hab	14 hab	-33,33%
CORREDOIRA (A)	3 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	-33,33%
COTOMIL (O)	5 hab	6 hab	6 hab	6 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	4 hab	4 hab	3 hab	-40,00%
COTOTE (O)	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	3 hab	7 hab	9 hab	9 hab	200,00%
COVAS DE ABAIXO	31 hab	29 hab	30 hab	30 hab	32 hab	32 hab	36 hab	36 hab	35 hab	35 hab	35 hab	12,90%
COVAS DE ARRIBA	53 hab	53 hab	51 hab	52 hab	53 hab	51 hab	51 hab	50 hab	50 hab	50 hab	46 hab	-13,21%
CRUZ (A)	60 hab	60 hab	60 hab	57 hab	53 hab	51 hab	49 hab	47 hab	41 hab	45 hab	42 hab	-30,00%
CHARRUA (A)	8 hab	8 hab	8 hab	8 hab	7 hab	7 hab	7 hab	7 hab	7 hab	7 hab	6 hab	-25,00%
FREIXAL (O)	43 hab	43 hab	42 hab	42 hab	42 hab	41 hab	41 hab	38 hab	39 hab	39 hab	36 hab	-16,28%
GANDARA (A)	15 hab	12 hab	12 hab	12 hab	12 hab	14 hab	14 hab	14 hab	14 hab	15 hab	14 hab	-6,67%
GONZALBRES	15 hab	14 hab	14 hab	15 hab	15 hab	15 hab	15 hab	15 hab	15 hab	15 hab	14 hab	-6,67%
GUNTIAN	95 hab	102 hab	102 hab	103 hab	99 hab	103 hab	106 hab	109 hab	103 hab	99 hab	98 hab	3,16%
ERMIDA (A)	47 hab	43 hab	44 hab	43 hab	44 hab	45 hab	45 hab	47 hab	47 hab	49 hab	46 hab	-2,13%
LAGARTEIRA (A)	72 hab	71 hab	72 hab	73 hab	73 hab	74 hab	75 hab	74 hab	75 hab	74 hab	73 hab	1,39%
LOUREIRO	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	4 hab	3 hab	3 hab	3 hab	2 hab	-50,00%
MAROAS (AS)	15 hab	15 hab	15 hab	14 hab	14 hab	13 hab	13 hab	13 hab	13 hab	12 hab	11 hab	-26,67%
MONELOS	16 hab	17 hab	19 hab	19 hab	17 hab	17 hab	15 hab	15 hab	14 hab	14 hab	15 hab	-6,25%
MONTE (O)	6 hab	9 hab	8 hab	8 hab	8 hab	8 hab	8 hab	7 hab	5 hab	5 hab	6 hab	0,00%
OUTEIRO (O)	7 hab	7 hab	7 hab	7 hab	7 hab	6 hab	6 hab	6 hab	4 hab	4 hab	4 hab	-42,86%
PARADELA	101 hab	94 hab	95 hab	97 hab	92 hab	89 hab	87 hab	84 hab	85 hab	85 hab	87 hab	-13,86%
PEDREIRA (A)	24 hab	24 hab	22 hab	22 hab	22 hab	20 hab	20 hab	19 hab	22 hab	22 hab	22 hab	-8,33%
PERISCAL DE ABAIXO	26 hab	30 hab	30 hab	30 hab	26 hab	25 hab	24 hab	24 hab	24 hab	28 hab	28 hab	7,69%
PERISCAL DE ARRIBA	20 hab	19 hab	20 hab	20 hab	20 hab	20 hab	20 hab	20 hab	21 hab	21 hab	23 hab	15,00%
PILRO (O)	17 hab	16 hab	21 hab	22 hab	22 hab	22 hab	22 hab	25 hab	27 hab	23 hab	22 hab	29,41%
PIÑA (A)	25 hab	23 hab	21 hab	20 hab	20 hab	20 hab	23 hab	22 hab	25 hab	23 hab	21 hab	-16,00%
PRAZA (A)	41 hab	43 hab	42 hab	41 hab	37 hab	36 hab	36 hab	35 hab	32 hab	32 hab	30 hab	-26,83%
PREARADA	41 hab	40 hab	43 hab	42 hab	44 hab	46 hab	45 hab	45 hab	45 hab	43 hab	41 hab	0,00%
RACHOLA (A)	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	5 hab	4 hab	4 hab	3 hab	-40,00%
RAMISCOSA (A)	48 hab	46 hab	45 hab	46 hab	46 hab	44 hab	42 hab	42 hab	41 hab	40 hab	40 hab	-16,67%
REBOREDO (O)	3 hab	3 hab	3 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	2 hab	-33,33%
REIXIA (A)	6 hab	6 hab	6 hab	5 hab	7 hab	7 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	6 hab	0,00%
RIO (O)	14 hab	14 hab	16 hab	16 hab	16 hab	16 hab	15 hab	15 hab	14 hab	13 hab	13 hab	-7,14%
RIBEIRIÑA (A)	24 hab	22 hab	20 hab	19 hab	18 hab	21 hab	21 hab	21 hab	19 hab	15 hab	16 hab	-33,33%
SEIXAL (O)	32 hab	30 hab	29 hab	29 hab	34 hab	36 hab	34 hab	33 hab	33 hab	32 hab	29 hab	-9,38%
SETE	11 hab	11 hab	11 hab	11 hab	11 hab	10 hab	10 hab	10 hab	10 hab	9 hab	9 hab	-18,18%
SINANDE	20 hab	20 hab	24 hab	25 hab	23 hab	22 hab	22 hab	20 hab	18 hab	21 hab	20 hab	0,00%
SOFANDONIGO	52 hab	51 hab	50 hab	52 hab	51 hab	49 hab	49 hab	49 hab	43 hab	44 hab	45 hab	-13,46%
TAPIA (A)	28 hab	28 hab	28 hab	34 hab	34 hab	30 hab	32 hab	32 hab	31 hab	29 hab	30 hab	7,14%
TARAMBOLLO (O)	61 hab	63 hab	61 hab	58 hab	57 hab	56 hab	55 hab	55 hab	53 hab	52 hab	48 hab	-21,31%
TROIAN DE ABAIXO	22 hab	21 hab	21 hab	23 hab	24 hab	26 hab	26 hab	25 hab	24 hab	23 hab	23 hab	4,55%
TROIAN DE ARRIBA	11 hab	13 hab	13 hab	13 hab	13 hab	13 hab	14 hab	14 hab	14 hab	10 hab	10 hab	-9,09%
TROIAN DO MEDIO	27 hab	27 hab	25 hab	28 hab	27 hab	26 hab	26 hab	26 hab	26 hab	26 hab	25 hab	-7,41%
VILAR (O)	26 hab	27 hab	28 hab	28 hab	28 hab	29 hab	29 hab	24 hab	23 hab	23 hab	22 hab	-15,38%
VIOÑO	68 hab	75 hab	78 hab	76 hab	70 hab	69 hab	67 hab	64 hab	65 hab	65 hab	67 hab	-1,47%
GUITOI	36 hab	37 hab	37 hab	37 hab	35 hab	34 hab	35 hab	33 hab	33 hab	30 hab	30 hab	-16,67%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Nomenclátor do 2013

VILELA

A parroquia de **Vilela** tan só conta con 6 entidades, das cales 2 teñen cero habitantes segundo o nomenclátor do ano 2013. Neste ano a poboación da parroquia é de 208 habitantes. A entidade máis destacable é O Castelo con 89 habitantes e San Miguel con 35.

Unidade poboacional	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	dinámica pob 2003-2013
VILELA (SAN MIGUEL)	234 hab	249 hab	242 hab	242 hab	235 hab	234 hab	236 hab	223 hab	228 hab	213 hab	208 hab	-11,11%
CASTELO (O)	98 hab	102 hab	103 hab	101 hab	99 hab	104 hab	104 hab	100 hab	98 hab	90 hab	89 hab	-9,18%
SALTO (O)	73 hab	79 hab	77 hab	73 hab	70 hab	69 hab	68 hab	61 hab	66 hab	63 hab	61 hab	-16,44%
SAN MIGUEL	36 hab	40 hab	40 hab	46 hab	45 hab	41 hab	41 hab	42 hab	44 hab	40 hab	35 hab	-2,78%
VILELA	27 hab	28 hab	22 hab	22 hab	21 hab	20 hab	23 hab	20 hab	20 hab	20 hab	23 hab	-14,81%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Nomenclátor do 2013

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

RELACIÓN PORCENTUAL DE POBOACIÓN EMPADROADA E AS DINÁMICAS DE CRECEMENTO NO RANGO 2001-2011



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE 2011

Conforme as dinámicas dos asentamentos e o epígrafe 1.2.2 A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL, o eixos A Coruña-Fisterra concentra os maiores crecementos de poboación e as áreas veciñas, como os núcleos da parroquia de Sísamo, e os eixo tradicional de Añón-Feira de Berdillo. Así mesmo as melloras acometidas na estrada AC-413 (Ordes-Carballo)axudaron a fixar poboación vinculada a vila de Carballo e no sentido contrario o estado deficiente da estrada DP-1914 (de Carballo a Portomouro). Na chaira costeira os asentamentos de Razo e Pedra do Sal son lugares de acollida de nova poboación atraída polos valores paisaxísticos.

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

Capítulo 2. DISTRIBUCIÓN PARCELARIA

2.1. ANÁLISE DO PARCELARIO

No concello de Carballo ao igual que no resto de Galicia existe un problema de parcelación da terra. Segundo datos da Dirección Xeral de Catastro, a superficie media por titular varía de 14,4 hectáreas en Extremadura a 1,9 en Galicia. Esta exhaustiva fragmentación da propiedade reflexa o sistema de explotación galego do minifundio.

De igual xeito, a análise das superficies medias por parcela pon de manifesto esta forte parcelación en Galicia (gran número de parcelas con pouca superficie e un elevado número de titulares). Así mesmo a superficie media por parcela en Galicia é igual ou inferior a 0,5 hectáreas, e ningún concello de Galicia supera as 3 hectáreas, o que pon de manifesto a profusión de parcelas pequenas en Galicia.

Hai que destacar tamén a fragmentación catastral; xa que cada unidade encóntrase xeralmente constituída por un conxunto de pequenas parcelas, cunha irregular distribución espacial, consecuencia dun sistema de reparto hereditario e a inexistencia de procesos de concentración parcelaria. A parcela máis común é a de fronte estreito e gran profundidade a favor da pendente, que é a forma máis elemental de partición sucesiva sen servidumes de paso, así como a máis adecuada ao regadío por gravidade. Nos casos de pendentes máis acusadas, disponse de bancais sucesivos que obrigan a fragmentar as parcelas acorde a eles.

Así mesmo, no *Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*. Defínese o concello de Carballo no grupo 2º da provincia da provincia da Coruña con 0.20Ha en sequeiro e 0.20Ha no regadío. A aplicación deste decreto solapado coa vixencia da lei do solo de Galicia de 1997 coa posibilidade de edificar vivendas en rústico con levou a un proceso de reformulación do parcelario neses anos.

A continuación pasamos a resumir os datos de parcelas e subparcelas do catastro de rústica no concello de Carballo, segundo datos extraídos da Dirección Xeral de Catastro, para o que definiremos os termos de parcelas e subparcelas.

Parcelas: Refírese aos terreos rústicos que presentan unha continuidade espacial que constitúe un recinto delimitado por unha perimetral continua e que pertence a un só titular catastral, ou a varios pro-indiviso.

Subparcelas: Terreos catastrais que corresponden a cada unha das diferentes clases de cultivo ou aproveitamentos existentes dentro dunha parcela catastral. Cando unha parcela ten un único uso ou tipo de cultivo contabilízase tamén como unha subparcela.

Ano	Nº de parcelas	Nº de subparcelas
2006	66338	76744
2007	66099	75163
2008	66161	75230
2009	62552	79467
2010	62702	79625
2011	62794	79603
2012	63097	78446
2013	65392	78541

Fonte: Estatística do catastro de rústica

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

Capítulo 3. ANÁLISE DA TIPOLOXÍA DE ASENTAMENTO POBOACIONAL E A EVOLUCIÓN DAS EDIFICACIÓNS

O asentamento de poboación, extraordinariamente disperso no territorio de Carballo, estrutúrase nunha variedade de entidades singulares, conformando uns xeitos concretos de relación vital co medio, definindo así a consolidación do home no territorio.

Unha clasificación dos asentamento supón unha simplificación reducionista das distintas realidades individuais destes. Non resulta fácil reducir a tipos concretos os tipos de asentamentos do concello de Carballo, que o igual que no resto de municipios galegos, presentan estruturas internas diversas.

3.1. TIPOS DE ASENTAMENTO POBOACIÓN

Nunha clasificación xenética dos asentamentos residenciais, pódese clasificar nomeadamente os seguintes tipos:

3.1.1. ASENTAMENTOS URBANOS

Son agrupacións de poboación, que a súa estrutura xenética non está vinculada a explotación do medio físico (sector primario); senón que está economicamente vinculada a xeografía humana: Ben por que acadan unha masa crítica de poboación na que xurde unha estrutura económica e social capaz de retroalimentarse interna ou externamente; ou ben pola zonificación deslocalizada dos usos, xurdindo os residenciais en áreas rústicas desestruturados da urdime preexistente. Polo tanto, segundo a súa xenética morfolóxica os asentamentos urbanos de Carballo pódense clasificar en:

ASENTAMENTO URBANO TRADICIONAL

Asentamento desenvolvido sobre unha estrutura tradicional, no que destaca a concentración de poboación, estacional ou estable. Deste xeito xorden actividades económicas estábeis vinculadas á poboación como recurso económico e produtivo (sectores económicos secundario e terciario). Así mesmo posúen unha a organización edificatoria e un grao de urbanización complexo.

ASENTAMENTO A MODO DE URBANIZACIÓN

Asentamentos non tradicionais, xurdidos sobre parcelacións programadas en ámbitos rústicos, para un uso exclusivo residencial, desligadas dos asentamentos urbanos ou rurais preexistentes e dos seus sectores produtivos.

3.1.2. ASENTAMENTOS RURAIS

Son asentamentos tradicionais de poboación que a súa xénese está vinculada á explotación do medio rural próximo. Segundo a morfoloxía de relación co seu medio rústico produtivo, a súa estrutura interna e a disposición de usos e tipoloxías, pódense clasificar os seguintes tipos:

CASAL/LUGAR

- Relación co medio produtivo de xeito individual: DISPERSA
- Estrutura ABERTA.
- Xerme dun asentamento.
- Espazo produtivo vinculado a vivenda
- Cada casa ten a súa eira, polo que as actividades primarias desenvólvense no espazo familiar.
- Non adoitan existir espazos comunitarios, xa que as actividades desenvólvense no espazo familiar.
- As edificacións auxiliares están na mesma parcela. Non existe zonificación de usos
- Pode estar xerarquizado cun elemento primario (pazo, reitoral, ou outro elemento disperso en rústico) que fai gravitar algunha poboación onda el.

APROBACIÓN DEFINITIVA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleria de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa de servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

ALDEA PECHA

- Relación co medio produtivo de xeito colectivo e zonificada: PUNTUAL
- Estrutura INTRICADA
- Asentamento maduro
- Espazo produtivo claramente zonificado do residencial
- As casas sen eira poden ou non ter horta
- Adoitan a existir espazos de uso comunitario onde as actividades rústicas.
- Existe especialización de usos en cada parcela. Incluso as edificacións auxiliares da vivenda están noutros predios distintos o da vivenda principal

ALDEA EN LIÑA

- Relación co medio humano. Explotación e servizos dunha ruta ou paso.
- Estrutura ben simple ou con paralelismos e desdobramentos do eixo principal (AMÉNDOA), ou ben baseada na accesibilidade a un eixo de infraestruturas (ESPIÑA)
- Asentamento dinámico
- Poden aparecer usos netamente urbanos, como comercios e locais de reunións vinculados a vivenda.
- Moitas veces son tipos dos anteriores condicionados por unha topografía.
- As aldeas teñen claramente zonificados os usos nos mesmos predios, segundo franxas equidistantes da infraestrutura lineal

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

ALDEA ABERTA

- Relación co medio produtivo de xeito individual: DISPERSA
- Relación co medio humano concentrada
- Estrutura aberta. PÉTALO
- Asentamento novo .
- Espazo produtivo vinculado a vivenda
- Cada casa ten a súa eira, polo que as actividades primarias desenvólvense no espazo familiar.
- Poden existir elementos públicos, que fan gravitar o núcleo o redor deles.
- As edificacións auxiliares están na mesma parcela. Non existe zonificación de usos

O asentamento lineal é o tipo maioritario dentro do concello. Este modelo de asentamento realizase a ámbolos lados dunha vía de comunicación, polo común, estradas comarcais e provinciais, que constitúen un eixo vertebrador do asentamento.

Esta forma de desenvolvemento é típica en moitos pobos e vilas galegas, que foron crecendo no fondo do val ó longo da vía de comunicación a principios do século XX, conectando entre si os pequenos núcleos integrados nunha estrutura global con posible crecemento posterior.

A maior inconveniencia que ten esta estrutura de crecemento, é a súa tendencia á deformación ao xurdir posibles desenvolvementos transversais ó eixo vertebrador.

A vantaxe é que pola súa propia forma, o límite de contacto co medio rural e moito maior que no resto de modelos de asentamentos, facilitando a accesibilidade por parte dos seus habitantes a un medio de vida actualmente en desuso.

3.1.2.1. AS MUDANZAS NA CONFIGURACIÓN DOS ASENTAMENTOS TRADICIONAIS

As diversas tipoloxías vivas de asentamento, que cohabitan no territorio, sofren mudanzas condicionadas por factores socioeconómicos, fisiográficos e de accesibilidade, tal e como se veu no epígrafe 1.3.3. As morfoloxías orixinais destes asentamentos, pola súa propia natureza de realidade construída, son máis ríxidas e vense solicitadas por dinámicas máis flexíbeis e mudantes, someténdoas a procesos de histérese. O contexto económico, os avances técnicos, os cambios lexislativos, as novas accesibilidades, os estándares de vida, ... converten o territorio nunha realidade en continuo proceso de transformación e os asentamentos en estruturas que se reformulan e mudan; mantendo as características topolóxicas que condicionan os novos modelos. Así os modos de crecemento trocan dende tradicionais a os contemporáneos nos que os modelos modernos adoitan a incorporarase violentamente. Distínguense con claridade as diferenzas entre as vellas e novas estruturas de asentamento, a tódalas escalas.

No caso dos asentamentos tradicionais de carácter rural, descritos no epígrafe 3.1.2, cabería distinguir entre os modelos de transformación sobre a estrutura preexistente os seguintes:

- **Actualización das tipoloxías construtivas:** Cambios sobre a estrutura preexistente asentados en criterios espontáneos de boas prácticas. Existindo ou non un troco na tecnoloxía construtiva mantense as mesmas relacións co espazo público e as de veciñanza. Sucintamente, non existe unha transformación da urdime, é simplemente o troco de edificacións por outros modelos máis contemporáneos. Mantense a infraestrutura preexistente e os valores sociais e económicos orixinarios dos asentamentos tradicionais



Fonte: Balneario mar de Queo



Núcleo rural de Queo de abaixo. Fonte: voo americano 1956, PNOA2008

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleir
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB 2016
A Xefa do servizo de Planificación
Lucía Linares Yáñez

- **Actualización accesibilidades territoriais e primeiro marco regulamentario:** Cambios nas prácticas tradicionais de ocupación dos predios, que son substituídos por criterios legais regulamentados en normativas urbanísticas. Estes regulamentos plásmanse de xeito homoxéneo e descontextualizado no rural galego guiados por modelos do asentamento urbano no territorio: Aliñación; recuamentos; edificabilidade; ocupación; fronte mínimo; ... Coa aparición destes primeiros marcos legais, a transformación realízanse sobre as novas áreas de oportunidade, que adoitaban ser as novas estradas. Así cunha regulamentación urbana e o novo trazado de infraestruturas, que evitaban as áreas consolidadas cons edificacións fóronse medrando os asentamentos desvirtuando a estrutura tradicional.

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO





Núcleo rural de Cances Grande. Fonte: voo americano 1956; PNOA 2008

- **Actualizacións sobre o marco lexislativo galego de protección do medio rural de Galicia:** Auspiciado polo artigo 2.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o cambio na conciencia social e o marco lexislativo da lei 9/2002, as mudanzas nos asentamentos efectúanse baixo criterios de respeto e protección dos asentamentos tradicionais entendidos como un patrimonio a conservar, manter e mellorar, recoñecendo a singularidade do asentamento galego. Así, a creación e transformacións dos asentamentos e un acto controlado baixo unhas directrices e un proxecto que se refiren tanto a criterios urbanísticos como edificatorios. No entanto, as mudanzas permitidas nestes asentamento facilmente

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO En sesión de data, 18 NOV 2015 O SECRETARIO

responden máis a criterios estéticos e embalsamadores que a criterios de transformación e adaptación a realidade socioeconómica dinámica

No Concello de Carballo, coma na Galicia con dinámicas de crecemento, o modelo expansión dos núcleos provoca unha situación complexa, onde coexisten dous tipos de organización social e xeográfica: **A TRADICIONAL-RURAL** galega en fase de reformulación socioeconómica; e a **MODERNA**, superposta e en contraposición ca primeira, constituída por novos modelos de adaptación o medio físico e humano e que responden a un estándares contemporáneos de vida. Isto ocorre nas zonas cunha maior accesibilidade a este modelo de vida urbano e os seus servizos, e situase coherentemente na contorna das estradas. Isto xera tensión urbanística nestes ámbitos o responder do xeito máis obvio a estas vontades colectivas.

As sucesivas leis urbanísticas autonómicas recoñecen o feito dos asentamentos rurais como modo tradicional de ocupación do territorio, incentivando a concentración da poboación rural nos núcleos, dotándoos de equipamentos e servizos necesarios e preservando o patrimonio natural e cultural. Por iso, os núcleos rurais van ter unha importante presenza no territorio municipal caracterizando un modo de asentamento, estrutura e organización en equilibrio co medio.

XUNTA DE GALICIA Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data - 4 FEB. 2016 A xefa do servizo de Planificación Urbanística



3.1.3. ANÁLISE DA TIPOLOXÍA TRADICIONAL

A finalidade esencial que introduzo a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro (en adiante LOUG), a parte de intentar favorecer a calidade da ordenación urbanística cun desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, foi a de protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural do noso pobo. O medio rural é un dos grandes eixos sobre o que se actúa. Incentivase a consolidación dos núcleos, e recoñecese decididamente a distribución da poboación galega e a súas formas tradicionais de asentamento.

Nese xeito, o PXOM tenta analizar cal é a tipoloxía tradicional das edificacións deste municipio, propondo as medidas necesarias para a recuperación das características orixinais, dunha arquitectura rural maltratada polo abandono e polas intervencións disonantes feitas, onde primábase un novo hábitat alternativo de carácter espallado, que non disperso.

A arquitectura popular do asentamentos de Carballo defínese coma a arquitectura artesanal e anónima, feita polo pobo e ligada os materiais e técnicas da zona; como instrumento de adaptación ao medio e modificación deste polo home nun contexto socioeconómico concreto.

Así desta relación intima co medio e a tradición cultural, o patrimonio edificado tradicional de Carballo adquire unha personalidade propia e diferenciada doutras comarcas de Galicia. Cunha relación intima co medio rústico circundante e as súas características produtivas e topolóxicas; e polo tanto, nunha continua reformulación aos mudanzas neste entorno con invariantes e cambios

3.1.3.1. A VIVENDA TRADICIONAL

A vivenda tradicional en Carballo ten unha serie de características comúns que definen o seu tipo:

Está formada por un volume prismático de baixo e un andar, con coxía simple e cuberta a dúas augas. Os muros son de cachotaría, incluídas as cadeas de esquina, de pedra miúda de escasa calidade, recebados en parte. Os ocos e peitoril feitos en cantaría granítica e esporadicamente madeira recebada con morteiro. A estrutura dos andares é de madeira. A cuberta normalmente a dúas augas, en tella do país, é soportada por

tesoiras de madeira. O encontro dos muros e a cuberta realizase sen sopena no beirado e tamén sen topete no penal.



3.1.3.2. OS HÓRREOS

Aparte do volume principal da vivenda, compre destacar o papel importante na composición arquitectónica do hórreo, normalmente situado na fachada principal, conformando co muro de peche ou exento, cunha pequena entrada cara a vivenda e as construcións auxiliares.

A razón de ser dos hórreos é a de gardar a colleita nun lugar ventilado para permitilo secado dalgúns produtos agrícolas, normalmente o millo. Caracterizado polo material con que esta feito: pedra, madeira ou técnica mixta, presenta normalmente o teito a dúas augas de tella do país.

Destaca a volumetría e composición do hórreo dentro da unidade da vivenda, caracterizado por unha cámara ancha e non moi longa (de aproximadamente 3m). Distínguense dous tipos básicos: Os pechados con muros de cachotería e cadeiras graníticas nas esquinas; e os pechados en ladrillo e outros materiais pre-industrias, que son enfuscados e con un tratamento polícromo. O seu ancho, posibilita a aparición dos ocos nos testeiros e que o tratamento mural dos laterais dobre nas esquinas. A configuración destes ocos farase con xambas e linteis, nalgún caso con carpintería de madeira, proporcionando luz o interior da construción. As tipoloxías máis comúns en Carballo resolven o contacto co terreo cun zócalo que úsase coma rocho para gardalos apeiros de labranza, ou as veces coma cortello. O tornaratos preséntase en pedra con forma de bisel.

Pódese apreciar nos hórreos con acceso polo testeiro, escaleiras feitas en pedra achegadas lateralmente, para facilitar o acceso e integralo no volume.

O material co que está feito o cabazo polo xeral é a pedra (excepto a porta) con cadeiras graníticas nas esquinas e cachotería , ou tamén en algures encóntrase constituído por unha estrutura de pedra e unha terminación de madeira (hórreo mixto).

Hoxe en día, o ladrillo oco e a celosía de formigón substitúe a madeira nestes cabazos, favorecendo a ventilación do seu contido para conservalo millo. A pedra recóbrese con morteiros e pinturas, dotando o hórreo dun aspecto mais industrial.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO



da Conselleira
Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

3.1.3.3. AS CONSTRUCIÓNS AUXILIARES

As construción auxiliares a vivenda dan cabida a maioría as necesidades de almacenamento e explotación do chan rústico, que desenvolve a unidade familiar na eira próxima e nos terreos. Estas construcións teñen unha ocupación, a meirande parte das veces, superior ao uso residencial e sitúanse tanto apegadas a edificación principal como exentas ao predio. A súas función orixinais eran as de cortes, cubertos, lavadoiros, palleiras e almacéns de ferramentas ou produtos. A súa construción vai acompasada aos trocos das necesidades da explotación; polo que a súas tecnoloxías construtivas responden ao tempo concreto de cando son erixidas, e non tanto a unha coherencia estética coas edificacións preexistentes. Os cambios socioeconómicos sufridos en Galicia, levan en moitos casos unidos ao abandono das actividades agrarias, a rehabilitación e cambios de usos de estás edificacións para acomodalas aos novas necesidades espaciais e modelos de vida.

3.1.4. ANÁLISE DA REALIDADE EDIFICADA NO MEDIO RURAL

A realidade do medio rural galego, e a súa continua transformación manifféstase na arquitectura tradicional do medio rural.

Esta transformación, responde á evolución dun medio onde os continuos cambios na estrutura económica e social erosionan e alteran a organización básica deste mundo rural, onde a economía pechada de autoconsumo, encerra un certo estatismo.

Neste medio tan complexo e dinámico onde a dispersión é a característica fundamental; a ruralidade é un factor común condicionante do territorio que estamos a estudar, podendo diferenciarse hoxe mesmo, un sen fin de tipoloxías feitas no medio rural onde temos que destacar a arquitectura mais específica deste medio, que é a vivenda rural e as súas dependencias anexas.

Deste xeito, podemos facer un análise da arquitectura dispersa que convive actualmente no medio rural de Carballo, e que presentase como unha síntese da realidade edificatoria que hoxe en día desenvolvese no concello.

- As construcións tradicionais (vivendas tradicionais e dependencias anexas)
- As construcións tradicionais modificadas
- As vivendas de transición: vivenda de nova planta ligada estreitamente ó medio rural
- Arquitectura urbana: unha arquitectura fora de escala, en altura, agrupacións de vivendas, novas tipoloxías.
- Vivenda familiar de primeira o segunda residencia, ligada a cidade polo modo de vida dos seus habitantes.(vivendas tipo chale e adaptada á LOUG)

É preciso engadir a esta relación, aínda que fora de ela, outro tipo de construcións moi estendidas que son as industrias, talleres e naves, vinculadas ou non ó medio rural, que conviven estreitamente coas citadas tipoloxías.

3.1.5. EVOLUCIÓN E DIAGNOSE DA ARQUITECTURA NO MEDIO RURAL A PARTIR DO ANO 1950

O solo de núcleo rural e definido na LOUG no seu artigo 13.1 tal como sigue:

"1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa area de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórica-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel."

A posición da LOUG coa protección do medio rural, e a súa interpretación por parte dos técnicos da consellería competente na materia é, de forma xenérica, a de diferenciar esta tipoloxía tradicional por medio dun criterio cronolóxico, que baséase en dividir a evolución dos núcleos e as construcións ó redor do ano 1950, de forma que as preexistencias nesta época desvelan o asentamento de poboación diferenciado e histórico-tradicional.

Para elaborar un estudo detallado do medio rural do concello, a súa evolución, particularidades urbanísticas e expectativas de desenvolvemento, non so debe analizarse a arquitectura tradicional, senón que cómpre un análise exhaustivo da evolución das construcións a partir do ano 1950, considerando fundamental a evolución dos últimos 60 anos no desenvolvemento dos núcleos rurais, que aportan, con acerto ou desacerto, un carácter particular e diferenciado a cada concello, e forman parte indisoluble do solo de núcleo rural, servindo de apoio para a clasificación do solo.

A evolución das construcións no medio rural, ten o seu motivo nunha serie de cambios socioeconómicos onde é protagonista o home, a súa cultura e o seu hábitat.

De tódolos xeitos, podemos dentro deste abano de tipoloxías xurdidas nos últimos 60 anos, destacar dúas variacións concretas da arquitectura en Carballo feita no medio rural:

- A modificación da tipoloxía tradicional
- Reformadas
- Rehabilitadas
- A creación de novas tipoloxías
- Analízanse a continuación ambas variacións.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

3.1.6. A MODIFICACIÓN DA TIPOLOXÍA TRADICIONAL

Unha vez feito neste documento o estudo minucioso da tipoloxía tradicional no medio rural do concello de Carballo, centrarémonos agora na arquitectura tradicional propiamente dita, e nas transformación sufridas nos últimos 60 anos froito dos cambios da sociedade rural galega.

As modificacións e variacións sufridas pola arquitectura tradicional, con total independencia da destrución total o parcial da mesma, realízanse sempre dende un punto de vista socioeconómico e cultural. Sempre feitas cun afán de mellora e funcionalidade, onde as necesidades priman sobre outras concepcións.

Centrarémonos, así, no punto da modificación e recuperación da tipoloxía tradicional, que destaca como un tipo de actuación maioritaria nos últimos 60 anos sobre a arquitectura do medio rural, distinguindo así entre:

- A reforma da tipoloxía tradicional
  - Básica
  - Parcial
  - Totalitaria
- A rehabilitación e recuperación da tipoloxía tradicional

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

3.1.6.1. REFORMA DA TIPOLOXÍA TRADICIONAL

A.1. TRANSFORMACIÓNS BÁSICAS DE ELEMENTOS DA ARQUITECTURA TRADICIONAL RURAL

As transformacións Básicas adoitan realizarse para mellorar a edificación sen que esta sufra moitos cambios, conservando o programa básico da vivenda e a súa tipoloxía.

- Dotacións de servizos hixiénicos é melloras nas redes de abastecemento de auga e electricidade, creación de pozos negros, etc..

- Reposición de dependencias, estancias ou elementos ca mesma linguaxe ca tradicional pero con outros materiais. Reconstrución de muros con bloque de formigón ou ladrillo, etc..
- Cambios de cuberta. Substitución da tella por placas de fibrocemento.
- Reposición ou modificación de partes do edificio utilizando materiais non tradicionais.(pechado de ocos, corredores, reposición de edificacións anexas....)

Estas modificacións, conservan a idea básica da casa, á que se seguen engadindo elementos auxiliares para o mellor funcionamento da mesma.

Empréganse novos materiais cunha dependencia formal das formas tradicionais, viguetas de formigón, en vez de madeira, placas de fibrocemento en vez de tella...

Todas estas modificacións, sitúanse nas zonas rurais menos dinámicas do concello, onde o sistema socioeconómico primitivo sigue coma base social do núcleo.



A.2. TRANSFORMACIÓNS PARCIAIS DE ELEMENTOS DA ARQUITECTURA TRADICIONAL RURAL

Neste caso a variación da construción pode ser parcial, derrubándose parte do edificio e reconstruíndo outro con novas técnicas e materiais, conservándose a primitiva tipoloxía ou substituíndo elementos da vivenda.

- Enfuscados totais o parciais cubrindo os muros de cachotería con novos materiais: morteiros monocapa, falsos linteis, enfuscados de cemento, etc.
- Substitucións de pinturas por elementos máis duradeiros: morteiros, azulexado, etc.
- Elevación das cubertas para facelo "Faiado Habitable".
- Substitución da carpintería de madeira pola de aluminio.
- Remozamento interior e exterior.
- Reutilización das antigas edificacións auxiliares modificando o seu uso (de cortes a WC ou salóns, ampliacións das antigas lareiras, etc.)
- Creación de novos elementos auxiliares tales como: pórticos, ampliacións...
- Modificación e novas aperturas de ocos.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

Neste tipo de modificacións, aínda que se mantén a estrutura tipolóxica da edificación tradicional, varíase o programa da mesma, resultando dunha adaptación a outro modo de vida.



A.3. TRANSFORMACIÓNS TOTALITARIAS DE ELEMENTOS DA ARQUITECTURA TRADICIONAL RURAL

Este tipo de transformacións veñen inducidas pola reestruturación do modo de vida e a estrutura social que representaba a clase labrega.

A característica principal é que a tipoloxía tradicional desaparece, quedando solo a súa persistencia nuns muros que as veces funcionan como soporte e cerramento dunha nova edificación cunha nova linguaxe, que non garda a proporción nin a simboloxía formal dunha arquitectura anterior integrada na paisaxe.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística
APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

Neste caso compre destacar:

- Perdida de escala da arquitectura tradicional
- Apertura maior de ocos
- Primeiro andar en voos e cubertas aproveitadas con bufardas
- Utilización doutros materiais
- Estrutura de columna e pórticos

Mantense a posición da casa e a súa relación cos elementos auxiliares da vivenda, o peche da finca, o hórreo, o alpendre...

3.1.6.2. A REHABILITACIÓN E RECUPERACIÓN DA TIPOLOXÍA TRADICIONAL

A posta en valor, por parte da lei, e as axudas autonómicas para a recuperación do noso patrimonio arquitectónico tradicional, foron permitindo a reconstrución e rehabilitación nestes derradeiros anos, das edificacións existentes no medio rural e o seu destino coma vivenda ou uso turístico.

A volta a orixe e as preocupacións medio ambientais dunha sociedade galega chea de cambios económicos e sociais, fan do medio rural un atractivo potencial que pretendese mellorar e recuperar na lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

A acción conxunta dos concellos e da Xunta de Galicia para a rehabilitación dos cascos históricos e os núcleos rurais, permite a Galicia que algunhas vilas sexan conxuntos históricos.

Dentro deste marco trátase de recuperar as edificacións en estado de abandono resaltando a súa tipoloxía e elementos formais pero adaptándoas ós usos e ás técnicas construtivas dunha nova sociedade que xa non vive do medio rural, senón que goza del.

Así a rehabilitación e recuperación desta arquitectura centrase en:
- Recuperalo espírito da tipoloxía tradicional
- Dotalo de novoa usos e adaptándoa a un novo modo de vida
- Utilización de novas técnicas construtivas que respectan as tradicionais, empregándose as veces a madeira e a pedra como materiais base sobre os que facer melloras de deseño e innovacións construtivas.



3.1.6.3. A CREACIÓN DE TIPOLOXÍAS

Esquematizando o proceso de cambio, podemos sinalar as transformacións sufridas na arquitectura posterior os anos 50, ca entrada da primeira Lei do Solo, onde xorde unha nova tipoloxía cun novo programa e novas técnicas construtivas que reinterpretan as edificacións tradicionais cunhas melloras hixiénico-sanitarias e unha personalización mínima en canto a cores e detalles, que ó marxe da valoración da súa estética e formalización, teñen unha importancia significante no estudo do medio rural de Carballo, como parte intrínseca desta evolución das construcións nos asentamentos de poboación.Xeneralizando atopamos dous grandes grupos de construcións.

3.1.7. TRADICIONAL DE TRANSICIÓN [1950-1980]

Construcións datadas ó partir da década dos 60, característica dunha época de culturas enfrontadas e cambios socioeconómicos, cun programa de vivenda elemental de corredor central e habitacións os lados sobre un sistema reticular de formigón e unha pisada de 9 x 9m. Cunha racionalidade construtiva e simplicidade económica que leva a unha simplicidade formal. Volume de baixo e un andar ou ben de planta baixa e semisoto. Estrutura de columnas e forxados de formigón, de paramentos en ladrillo rebocado. As cubertas, de vertentes rectas e solucións mixtas con beirado ou peto, son a catro augas, a dúas augas ou a dúas augas coa cumieira crebada. A cuberta, en orixe sen uso vivideiro, destinase a faiado. Nas vivendas, con baixo e un andar, o baixo é destinado a cociña, garaxe e almacén, namentres o primeiro andar dedícase a vivenda, as veces con acceso independente dende o exterior mediante unha escaleira que desembarca nun patín ca porta da entrada.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

Os materiais a utilizar soen ser os típicos da época, tales coma os azulexos de cores para azulexar os panos de fachada , os ocos grandes mías ben de proporciones cadradas, con a carpintería en moitos casos de madeira con apertura de guillotina. Cabe destacar o voo que sufre a primeira planta cun carácter mais urbano, protexendo normalmente o acceso a edificación.



3.1.7.1. DE NOVA CREACIÓN [1980-2005]

Vivenda de construción recente caracterizada por ter pezas abufardadas na cuberta e diversidade tipolóxica así como a utilización diversa de distintos materiais. Coincide co retorno dos emigrantes galegos de Europa, adoptando elementos da arquitectura suíza, holandesa ou francesa nas edificacións.



Normalmente, non concorda con algunha das especificacións do artigo 29 da LOUG, no referente ás alturas, forma cuberta e acabados xerais.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

Capítulo 4. ANÁLISE DA RELACIÓN ENTRE A TIPOLOXÍA DE ASENTAMENTO POBOACIONAL E O ENCADRE TERRITORIAL

A continuación relacionase o encadre territorial coa estrutura tipolóxica dos asentamentos, definida no epígrafe 1.3.3 do presente documento, sendo claramente diferenciables a morfoloxía dos mesmos segundo a posición dentro do marco territorial.

A.- Asentamentos situados na Chaira Costeira

A meirande parte dos asentamentos localizados na chaira costeira. Desenvólvense en tipoloxía de aldea aberta e pecha, asentada sobre ladeiras con pendentes importantes sobre os distintos vales que conforman as concas hidrográficas (conca de Arnados e conca da Lagoa de Baldaio), que desembocan no complexo dunar Razo-Baldaio, imposibilitando o desenvolvemento lineal dos mesmos debido a morfoloxía do medio físico.

B.- Asentamentos situados na Cadea do Litoral

Exceptuando o núcleo Cances que presenta unha configuración en aldea pechada asentada na antiga estrada á Malpica, a meirande parte dos núcleos desenvólvense en tipoloxía de aldea aberta en ladeiras de pouca pendente sobre a conca hidrográfica do rego de Cances. Estes asentamentos,apóianse a vez, sobre a rede de estradas municipais, que vertebran o territorio debido a planicie do mesmo, localizándose neses puntos as agras.

C.- Asentamentos dependentes da conurbación da vila de Carballo

Os asentamentos identificados no ámbito da conurbación da Vila de Carballo, desenvólvense na súa meirande parte en tipoloxía lineal, ao estar estes vinculados ás distintas estradas que configuraron no seu día o núcleo urbano de Carballo, tales coma a AC-414 e a AC-552.

D.- Asentamentos do val do río Grande

A existencia do río Grande, configura en parte os asentamentos de menor entidade e desenvólvense en aldea aberta nas ladeiras do mesmo. Por outra banda, a estrada DP-1914 a Santiago de Compostela é a que realmente determina a tipoloxía dos núcleos. Os asentamentos maioritarios desenvólvense en aldea en liña organizados na contorna desta estrada supramunicipal.

E.- Núcleo do val do río Anllóns

A conca hidrográfica do río Anllóns e o val que forma na parte Este do concello determina en certa medida a tipoloxía dos asentamentos.en tipoloxía de aldea aberta en ladeiras de pouca pendente sobre a parte alta do Río Anllóns. Estes asentamentos, apóianse a vez, sobre a rede de estradas municipais que vertebran esta rexión debido a planicie do mesmo, localizándose nas áreas intermedias as agras. Por outra banda, a existencia das vías de comunicación a Ordes (AC-413) e a estrada de Berdillo, tensionan parte dos mesmos ata a estrutura lineal. Esta deformación crece directamente proporcional a proximidade á Vila de Carballo.

F.- Núcleo das terras Altas

Como o seu nome indica, estes núcleos desenvólvense sobre a parte alta do concello sobre ladeiras en pendente das subconcas hidrográficas que verten ao Río Grande, determinando a maioría da tipoloxía dos asentamentos coma aldeas pechadas e casais.

CLASIFICACIÓN MORFOLÓXICAS DOS ASENTAMENTOS NO ENCADRE TERRITORIAL

Fonte elaboración propia

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleria de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
